CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA

Resolución do 13 de novembro de 2026 da Dirección de Departamento de Xestión das Persoas, pola que se anulan as probas realizadas e se procede ao nomeamento dun novo tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para ampliación de listaxes de contratación na categoría de maquillador/a, convocado o 2 de abril de 2026, en execución da sentenza do Tribunal Supremo ditada no recurso de casación 237/2025 (Autos 23/2025 do TSXG).

De conformidade co establecido nas bases da Convocatoria da proba para a ampliación de listaxes de contratación na categoría indicada, esta dirección

DISPÓN

Primeiro.- Anular o procedemento nas fases posteriores ao nomeamento do tribunal e retrotraelo ao dito momento, conservando as actuacións que se tivesen mantido igual de non existir o vicio motivador da nulidade.

Segundo.- Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para ampliar as listaxes de contratación da categoría de maquillador/a, convocado por resolución de data 2 de abril do 2025, de acordo coa seguinte composición:

Presidencia: Raquel Santos Ribas, maquilladora
Vogal: Isabel Mariño Mariño, maquilladora
Vogal: Rosa Castro Legazpi, en calidade de lingüista.
Secretaría: Mercedes Blasco Zas, xefa do Servizo de Formación e Selección.

A proposta do tribunal foi acordada pola comisión de listas de contratación temporal na súa sesión do 12 de novembro do 2026.

Terceiro.- O tribunal fixará unha nova data para a realización das probas. Ás ditas probas poderán concorrer todas as persoas que figuraron como admitidas definitivas na Resolución do 23 de abril do 2025 pola que se facían públicos os ditos listados.

As persoas que non se presenten decaerán en todos os dereitos derivados da súa participación.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2026

CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA
Departamento de Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar
Director do Departamento de Xestión das Persoas